

## ACTA N° 38/08

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 22 DE SETEMBRO DE 2008**

#### **Asistentes:**

#### **CONCELLEIROS:**

D. Arturo González Pérez.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso.

Ten excusada a súa inasistencia D. Valentín Piñeiro González.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 22 de setembro de 2008, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 37/08, do 15/09/08 a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar dita acta.

#### **2.- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**2.A) EXPTE. 213/08 – D. JUAN MANUEL LEMOS COLLAZO** presenta proxecto para construción de muro de contención de terras no interior da finca da súa propiedade, sita en Berducedo núm. 72, Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo enxeñeiro de minas D. Juan Gómez Márquez, visado na data 21.08.2008.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal do día 18 de setembro de 2008 que literalmente di:

**Asunto:** Construcción de muro de contención.

**Informe:** **Procede informar favorablemente o expediente.**

O proxecto de construción de muro de contención, está redactado polo Inxeñeiro de Minas, D. Iván Gómez Márquez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste, presenta a seguinte documentación:

- Memoria descriptiva.
- Memoria Constructiva.
- Estudio de Xestión de Residuos de construción e demolición.
- Estudio Básico de Seguridade Saúde.
- Medición e presuposto.
- Documentación gráfica.
- Presenta Oficio de Dirección de Obra asinado polo Enxeñeiro de Minas D. Iván Gómez Marquez.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construcción .....	122,64 €
Taxa licenza urbanística .....	65,00 €

**2.B) EXPTE. 224/08 – ALIMENTACIÓN KATUXA SUR, S.L.** presenta proxecto de acondicionamento de local para tenda de alimentación a situar na Avda. Concepción arenal, nº 22 baixo, do barrio da Seara, Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Jacobo Lusquiños Otero, visado na data 03.09.2008.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal do día 18 de setembro de 2008 que literalmente di:

Asunto: Acondicionamento de local para tenda de alimentación.

**Informe:** **Procede informar favorablemente o expediente.**

O proxecto de acondicionamento de local para tenda de alimentación, está redactado polo Arquitecto Técnico, D. Jacobo Lusquiños Otero, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra, o día 03 de setembro de 2008, presenta a seguinte documentación:

- Memoria descriptiva.
- Memoria urbanística, xustificando o cumprimento do establecido nas NN.SS municipais.
- Memoria constructiva.
- Memoria de actividade.
- Medicións e presuposto.
- Cumprimento do Decreto 35/2000, en desenrolo da Lei 8/97 de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.
- Xustificación do cumprimento do código técnico, documento básico S.I., sobre seguridade en caso de incendio.
- Xustificación do cumprimento do código técnico, documento básico S.U., sobre seguridade en caso de utilización.
- Xustificación do cumprimento do código técnico, documento básico H.S., sobre Salubridade.
- Certificado de solidez.

- Informe acústico do local.
- Prego de Condicións.
- Normativa obrigado cumprimento.
- Estudo para a xestión de residuos da obra.
- Plan de control da obra.
- Estudo básico de seguridade e saúde.
- Documentación gráfica.
- Presenta Oficio de Dirección de Obra asinado polo Arquitecto Técnico.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción .....	394,20 €
Taxa licenza urbanística .....	65,00 €
Cartel de obras .....	110,00 €

**2.C) EXPTE. 340/05 – URBANIZACIÓN EL ROSAL DE MOAÑA, S.L., representada por D. JOSÉ JESÚS RODRÍGUEZ NÚÑEZ** presenta proxecto reformado de básico de edificio de 87 vivendas (56 para protección autonómica), garaxes e locais – 2º modificado, redactado polo arquitecto D. José M. Pastoriza Rodas, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 18 de agosto de 2008.

Dáse conta do informe da asistencia técnica municipal, do día 12 de setembro de 2008, que textualmente di:

ED. VIVENDAS 87 VIVENDAS  
 SITUACIÓN.- AS BARXAS UG-8. O REDONDO. MOAÑA  
 PROMOTOR: URBANIZADORA EL ROSAL DE MOAÑA, S.L.  
 VISADO: 18/08/2008

- 1.- Presentase proxecto básico modificado e de execución, xustificándose o non cumprimento do CTE e das Normas do Hábitar unha vez que a solicitude da licenza e o inicio da obra son anteriores a entrada en vigor das mencionadas normativas.
- 2.- As modificacións introducidas non afectan os parámetros urbanísticos. A modificación segundo se desprende da memoria e os planos adapta 56 das vivendas para cumprimento de protección autonómica coas correspondentes prazas de aparcamento, sendo unha delas de uso para minusválidos.
- 3.- As modificacións introducidas non afectan segundo a memoria presentada as condicións de protección de incendios, acústicas e de condicións térmicas, ademais das de habitabilidade e accesibilidade vixentes no momento da solicitude de licenza.
- 4.- O orzamento a efectos de licenza ascende á cantidade de 7.223.281,23 euros.

**Por todo o anterior o informe é FAVORABLE para a obtención de licenza**

### **3.- OBRAS MENORES**

**3.A) EXPTE. 188/08, COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MÉNDEZ NÚÑEZ, 24, representada por D.ª María Jesús Rúa Santomé, presidenta,** solicita licenza de obra para impermeabilización de terraza en edificio existente na rúa Almirante Méndez

Núñez, nº 24, do barrio do Real, de conformidade ao presuposto e croquis de situación presentados.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal do día 18 de setembro de 2008, que literalmente di:

Asunto: Solicitud de impermeabilización de terraza.

**Informe: Procede informar favorablemente o expediente.**

O proxecto de impermeabilización de terraza, presenta a seguinte documentación:

- Memoria descriptiva.
- Medición y presupuesto.
- Documentación gráfica.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construcción ..... 100,97 €  
Taxas licenza urbanística ..... 65,00 €

Visto o expediente instruído a instancia do interesado e examinado o informe favorable do técnico,

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza para a impermeabilización de terraza, tralo pagamento das taxas correspondentes.

**3.B) EXPTE. 228/08, D. JUAN TOMÉ PORTELA** solicita a apertura de oco na fachada para colocar un portal de entrada: na planta baixa do edificio da miña propiedade situado na Avda. Ramón Cabanillas, nº 200; orzamento das obras: 811,14 euros.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal do día 18 de setembro de 2008, que literalmente di:

Asunto: Solicitud de apertura de oco en fachada.

**Informe: Procede informar favorablemente o expediente.**

O proxecto de construción de apertura de oco a fachada, presenta a seguinte documentación:

- Memoria descriptiva.
- Medición y presupuesto.
- Documentación gráfica.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construcción ..... 22,71 €  
Taxas licenza urbanística ..... 65,00 €

Visto o expediente instruído a instancia do interesado e examinado o informe favorable do técnico,

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza para a apertura de oco na fachada da Avda. Ramón Cabanillas, nº 200, na planta baixa, para colocar un portal de entrada, tralo pagamento das taxas correspondentes.

**3.C) EXPTE. 232/08 – D.<sup>a</sup> CONCEPCIÓN RUIDO QUIROGA** solicita a construción de soporte para a colocación de paneis solares na parcela da súa propiedade, situada en Broullón - San Martiño – Moaña, de acordo co croquis que achega; dimensións 3'60 x 2'50 m<sup>2</sup>, presuposto das obras: 1.100 euros.

Asunto: Construción de soporte para colocación de paneles solares.

**Informe: Procede informar favorablemente o expediente.**

O proxecto de construción de soporte para colocación de paneles solares, presenta a seguinte documentación:

- Memoria descriptiva.
- Medición y presupuesto.
- Documentación gráfica.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción ..... 30,20 €  
Taxas licenza urbanística ..... 65,00 €

Visto o expediente instruído a instancia do interesado e examinado o informe favorable do técnico,

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza para construción de soporte para a colocación de paneis solares na parcela da súa propiedade en Broullón-San Martiño, tralo pagamento das taxas correspondentes.

#### **4.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS**

**TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A., representada por D. ENRIQUE CARRASCAL GONZÁLEZ**, presenta escrito no Concello con rexistro de entrada número 3.976, o día 9 de maio de 2008, no que expón que -segundo está estipulado no apartado 28 da Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de Radiocomunicación no Concello de Moaña- as operadoras de radiocomunicación estarán suxeitas á presentación dun Plan de Implantación e Desenvolvemento do conxunto de toda a rede no termo municipal que conterá as estacións fixas xa existentes e as previsións de implantación, e que de acordo co apartado 29.3 de dita ordenanza achegan tres exemplares de dito plan para a súa aprobación.

Visto o informe do aparelador municipal do 11 de agosto de 2008, que textualmente di:

**ASUNTO:** PLAN DE IMPLANTACIÓN DA REDE DE TELEFONÍA MÓVIL NO CONCELLO DE MOAÑA

**INFORME:** **procede continuar a tramitación determinada no Artigo 30 da Ordenanza municipal.**

Atendendo a documentación técnica examinada TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A. é titular dunha rede de telefonía móbil composta por tres infraestruturas:

6.1.1 en Monte Coto do Home en Domaio,

6.1.2 no L/ das Barxas – O Rosal,

6.1.3 no Porto de Meira,

6.1.4 en poboación de Domaio.

Así mesmo, según se describe na ficha técnica 6.2.1. a infraestrutura instalada no L/ da Lameira-Tirán cuxo titular resulta ser Vodafone España S.A., e como resultado do capítulo 4 da documentación presentada, se determina como actuacións previstas a compartición para a instalación dunha estación base adicional. Quedando definida o conxunto de toda-la rede dentro do termo municipal: estacións fijas xa existentes e as previsións de implantación e desenvolvemento de do conxunto de toda a súa rede en consonancia co disposto no Artigo 28 da Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de radiocomunicación no concello de Moaña.

En relación o contido do plan de implantación e desenvolvemento do mesmo, atendendo o disposto no Artigo 29 da Ordenanza municipal, o petionario desenrola e reflicte nas correspondentes fichas técnicas as características das distintas instalacións; en relación coas afeccións ambientais o documento nega a súa existencia, cuestión que en principio parece unha opinión previsible dende a particular tendencia que se produce dende a particular visión do petionario en contraposición con outras que xeneran alarma social as cales se farán previsiblemente presentes coa exposición pública do plan.

A vista da documentación presentada, procede continuar a tramitación determinada no Artigo 30 da Ordenanza municipal.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda someter o PLAN DE IMPLANTACIÓN DA REDE DE TELEFONÍA MÓVIL NO CONCELLO DE MOAÑA presentado por TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A a información pública por término de un mes, mediante a publicación nos Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial da Provincia, un diario local e no taboleiro de anuncios municipal.

## **5.- PROPOSTAS DE GASTOS**

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
CULTURA	ESCOLA DE GAITAS	MADEIRAS CASQUEIRO, S.L.	4510 22109 RC 1626	123,00 €
CULTURA	ESCOLA DE GAITAS	LIBRARÍA O PONTILLÓN – BENXAMÍN RIOBÓ SANLUÍS	4510 22000 RC 1626	117,40 €
CULTURA	ESCOLA DE GAITAS	ALMACENES CANDUCHO, S.L.	4510 22109 RC 1626	612,83 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2008 acreditado pola retención de crédito para gastos que a proposta da Concellería de facenda se efectúan nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

## 6.- GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS POLICÍA LOCAL

Vistos os informes do sarxento-xefe da Policía Local do Concello de Moaña, de datas 9, 11 e 16 de maio, 3, 4, 7 9, e 14 de xullo, 11, 24 e 25 de agosto de 2008, onde se reflicten as horas extraordinarias realizadas polos policía locais, o día e o motivo que as xustificou, e vista a certificación de existencia de crédito presentada pola Intervención municipal.

### GRATIFICACIONES EXTRAORDINARIAS POLICIA LOCAL

AXENTE	Diurna		Nocturna		Festiva		SERVIZO REALIZADO	DATA	IMPORTE
	Horas	Precio	Horas	Precio	Horas	Precio			
GARCIA RODAS, Jesús					3	19,99	Control de alcoholemia	11-may-08	59,97 €
PEREZ CARRERA, José Benito					3	19,99	Control de alcoholemia	23-jun-08	59,97 €
CASAL BLANCO, Xurxo Xan					3	19,99	Control de alcoholemia	25-may-08	59,97 €
GARCIA FERNANDEZ, Manuel					3	19,99	Control de alcoholemia	3-abr-08	59,97 €
GARCIA FERNANDEZ, Manuel	3	13,33	1	16,66			Seguridade sesión plenaria	3-jul-08	56,65 €
CURRAS TRIGO, Manuel Eugenio	3	13,33	1	16,66			Seguridade sesión plenaria	3-jul-08	56,65 €
CASAS CURRO, Lois Alberte					3	19,99	Seguridade sesión plenaria	5-jul-08	59,97 €
GARCIA FERNANDEZ, Manuel					3	19,99	Seguridade sesión plenaria	5-jul-08	59,97 €
CASAL BLANCO, Xurxo Xan					3	19,99	Control de alcoholemia	6-jul-08	59,97 €
CURRAS TRIGO, Manuel Eugenio					3	19,99	Control de alcoholemia	6-jul-08	59,97 €
GARCIA RODAS, Jesús					3	19,99	Control de alcoholemia	13-jul-08	59,97 €

GOMEZ SILVA, Manuel				3	19,99	Control de alcoholemia	13-jul-08	<b>59,97 €</b>
GOMEZ SILVA, Manuel				5	19,99	Festa de San Lourenzo	10-ago-08	<b>99,95 €</b>
CRUZ PENA, Javier				4	19,99	Travesía a nado ria de Vigo	24-ago-08	<b>79,96 €</b>
PEREZ CARRERA, José Benito				4	19,99	Travesía a nado ria de Vigo	24-ago-08	<b>79,96 €</b>
Preico das horas extras.....	13,33	16,66		19,99		TOTAL .....		<b>972,87 €</b>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as gratificacións extraordinarias á Policía Local recollidas na táboa por un importe de 972,87 €, con cargo á partida orzamentaria 2220 15101.

## 7.- RECOÑECIMENTO DE HORAS EXTRAORDINARIAS DE PERSOAL LABORAL DA POLICÍA LOCAL

Visto o informes do sarxento-xefe da Policía Local do Concello de Moaña, do 11 de agosto de 2008, onde se reflicten as horas extraordinarias realizadas polo persoal laboral do seu departamento, o día e o motivo que as xustificou,

	Diurna		Festiva		SERVIZO REALIZADO	DATA	IMPORTE
	Horas	Pre- cio	Horas	Precio			
ABLANEDO ALBERTI, Javier			5		Festa de San Lourenzo	10-ago-08	<b>0,00 €</b>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:  
**Primeiro:** Dadas horas extraordinarias realizadas por D. Javier Ablanedo Alberti, imputar o gasto á partida 2220 151.01,  
**Segundo:** Trasladar o acordo ao departamento de persoal e á intervención.

## 8.- GASTOS POR DESPRAZAMENTOS DE PERSOAL DA POLICÍA LOCAL

Vistos os informes do xefe da Policía Local do 25 de xullo de 2008, en relación aos desprazamentos dos policías locais D. Julio Sobral Poceiro, D. Javier Acevedo Santomé e D. Luis Varela Brañas, por mor dos exames do **curso de dispensa de grao** na sede da Academia Galega de Seguridade Pública, nos que achega cadansúas certificacións de superación das probas, cadro horario dos días de exame e demais documentación, para o pagamento dos gastos orixinados por ditos desprazamentos

Vista a relación de gastos presentados por ditos desprazamentos, recollidos na seguinte táboa, e conformados pola concelleira,

Apelidos e Nome	Desprazamento realizado	Data	km	Precio	Importe	Dietas	TOTAL
SOBRAL POCEIRO, Julio	Examen na Estrada AGSP	7,14,28/3 e	520	0,19	<b>98,80</b>	<b>0,00</b>	<b>98,80 €</b>



		18/4					
ACEVEDO SANTOMÉ, Javier	Examen na Estrada AGSP	9,23/5 e 6,16/06	520	0,19	<b>98,80</b>	<b>0,0</b>	<b>98,80 €</b>
VARELA BRAÑAS, Luis	Examen na Estrada AGSP	18/01 e 01, 22/02	390	0,19	<b>74,10</b>	<b>0,0</b>	<b>74,10 €</b>
TOTALES.....					<b>271,70</b>	<b>0,0</b>	<b>271,70 €</b>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro.-** Recoñecer a obriga polos desprazamentos do persoal da Policía local recollidos na táboa, por unha contía total de 271,70 euros, con cargo á partida 2008-2220-23101, RC 1601

**Segundo.-** Notificar o presente acordo ao Departamento de Intervención.

## **9.- RESUME DO PADRÓN DE AUGA E SANEAMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2008**

Visto o resume do padrón de auga e saneamento do segundo trimestre do ano 2008, entregado o día 20 de xuño de 2008 por AQUALIA, Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga, co que se pretende dar a coñecer a facturación correspondente o periodo terceiro trimestre do ano 2008, por un importe 198.384,47 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o padrón de auga e saneamento do segundo trimestre do ano 2008, por un importe de 198.384,47 euros, e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e a posta ao seu cobro.

## **10.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA**

Elaborado o Proxecto básico e de execución para a obra “REHABILITACIÓN DA CASA PAZÓ PARA GARDERÍA MUNICIPAL” redactado polo Arquitecto D. Jesús Aser Fole Osorio, unha vez asinado o Convenio ca Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar pola que se compromete a aportar financiamento para a construción dunha gardería municipal para este Concello, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “REHABILITACIÓN DA CASA PAZÓ PARA GARDERÍA MUNICIPAL” polo Arquitecto D. Jesús Aser Fole Osorio, e que conta cun importe de execución por contrata de SEISCENTOS VINTEÚN MIL SEIS E EUROS E TRES CÉNTIMOS (621.006,03 euros).

## **11.- SOLICITUDE SUBVENCIÓN PROGRAMAS PILOTO QUE PROMOVAN A MOBILIDADE SOSTIBLE.**

Vista a orde do Ministerio de Fomento FOM/2388/2008, de 24 de xullo, pola que se publica a convocatoria para o ano 2008 das axudas a programas piloto que promovan a mobilidade sostible en ámbitos urbanos e metropolitanos, publicada no BOE núm. 194, do 12 de agosto de 2008,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda solicitar ditas axudas para mellorar o transporte colectivo no Concello de Moaña.

## **12.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO CONSISTENTE NA ADQUISICIÓN DE ESTANTES COMPACTOS CON DESTINO AO ARQUIVO MUNICIPAL.**

Examinado o expediente de licitación, baixo modalidade de contrato de subministro, para a contratación por procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, da adquisición de estantes compactos con destino ao arquivo municipal, iniciado por providencia da Alcaldía de data 10 de xuño de 2008.

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Aproba-lo expediente de contratación, baixo a modalidade de contrato de subministro, para a adquisición de estantes compactos con destino ao arquivo municipal, tramitado por procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 10 de xuño de 2008.

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación de obras, mediante procedemento negociado sen publicidade.

TERCEIRO.- Remitir as invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para relaizar o obxecto do contrato:

- UBICAL INVERSIONES
- LÓGICA EQUIPAMIENTOS SUR.
- ADAPTY EQUIPAMIENTO INTEGRAL

CUARTO.- Autoriza-lo gasto con cargo á partida 1210.625.01 do orzamento municipal do ano 2008.

QUINTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

### **13.- MODIFICACIÓN NO SERVIZO DA LUDOTECA**

Vista a proposta feita pola Concellería de Igualdade e Servizos Sociais de data 19 de agosto de 2008, de aprobar a admisión do/a solicitante do servizo prestado pola ludoteca así como a correspondente tarifa,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a seguinte admisión, así como a súa valoración para o pagamento das cotas establecidas segundo a Ordenanza municipal.

Nº	NOME E APELIDOS	DATOS
145	Mamuda Mehdi Leshen	Art. 4 Epgr.1º

- **Art. 4 Epgr.1º** – Tarifa normal.
- **Art.4Epgr. 3º a** Usuarios relacionados entre si por vínculos de 1º grao de consanguinidade: 75% da tarifa normal.
- **Art.4 Epgr. 3º b** – Para membros de familias numerosas con renda por membro da unidade familiar inferior a 5.000 euros/anuais: 50% da tarifa normal.
- **Art.4 Epgr. 3º c** – Para membros de familias beneficiarias da RISGA ou reximes de protección pública análogos: 5% da tarifa normal.

### **14.- PRÓRROGA CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL PARA SERVIZO DO BAR-RESTAURANTE CAMPING DO BEQUE.**

Visto o escrito do 5 de setembro de 2008 de D.<sup>a</sup> ROSA ANA VILLAR RODRÍGUEZ, no que que expón que o Concello lle adxudicou un contrato administrativo especial do servizo de Bar-Restaurante do Camping Municipal do Beque, o cal vence o prazo o día 5 de setembro de 2008, polo que solicita que lle sexa concedida unha prórroga de un ano, xa que está reflectido no prego de cláusulas que rexen a adxudicación do Bar-Restaurante,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a prórroga solicitada por D.<sup>a</sup> Rosa Ana Villar Rodríguez por un ano (1 ano), cun incremento da contía do canon do contrato actualizada segundo o IPC.

### **15.- SOLICITUDES DE VADO**

A) Con data 27 de xuño de 2008, **D. JUAN JOSÉ RODRÍGUEZ CASTRO**, co DNI 36.043.367 K presenta instancia na que solicita un vado permanente no Rosal, edificio 19, local A, así como unha rampa para superar a beirarrúa, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 46,25 euros (31,25 € vado e 15 € do sinal)

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do Concello de Moaña do 18 de xullo de 2008, no que indica que se comprobou que a beirarrúa non ten rebaixe, que o

ancho é 2,50 metros de entrada para un local no pode entrar un vehículo, e que non existe inconveniente en concederlle o vado, para o que procede realizar o correspondente rebaixe na beirarrúa,

Visto o informe do inspector de obras do día 13 de agosto de 2008 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. JUAN JOSÉ RODRÍGUEZ CASTRO, cunha lonxitude de 2,5 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 46,25 €, e o rebaixe na beirarrúa, e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

**B)** Con data 22 de agosto de 2008, D.<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN CHAPELA GONZÁLEZ, co DNI 52.494.707 presenta instancia na que solicita un vado permanente en Palmás, 204, en Domaio, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 51,25 euros (36,25 € vado e 15 € do sinal)

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do Concello de Moaña do 29 de agosto de 2008, onde se indica que o portal da vivenda mide 2,90 metros de ancho e non hai beirarrúa diante do portal,

Visto o informe do inspector de obras de setembro de 2008 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D.<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN CHAPELA GONZÁLEZ, cunha lonxitude de 2,90 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 51,25 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

E non sendo outro obxecto, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as 19:00 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario DOU FE.

O ALCALDE,

O SECRETARIO